

UNIDADES DIDÁCTICAS PARA ESCOLARES

TERRITORIO LOR



Ano 2008



FEADER:
Europa inviste no rural



agader
AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL



MINISTERIO DE
AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



medio rural

Edita: **Asociación Río Lor**

Unidades didácticas para escolares. (Año 2008. Volumen 1)

Coordinación da publicación: **Martín Alemparte Vidal**

Textos: **M^a Carmen Estévez González**

Deseño e ilustracións:



TERRANOVA
Interpretación y Gestión Ambiental, S.L.

ISSN: 1888-7376

Depósito legal: C 1760-2008

Presentación

A Asociación Río Lor é unha asociación sen ánimo de lucro constituída o 12 de xaneiro de 1992, cuxo ámbito territorial esténdese aos concellos de Bóveda, Folgoso de Caurel, O Incio, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas do Sil e Samos, na provincia de Lugo.

De acordo cos seus Estatutos ten como fins, entre outros, favorecer a emerxencia de alternativas profesionais e sociais á agricultura tradicional nos diferentes dominios da economía rural, con especial atención ás actividades tendentes á promoción do turismo rural e á potenciación da artesanía nos concellos implicados, ademais de potenciar o aproveitamento dos recursos locais, naturais e humanos, orientados á elevación e mellora das condicións de vida da poboación favorecendo a salvagarda dos valores naturais presentes na zona de actuación, en especial en todo o referente á conservación dos valores ambientais.

É evidente que con intención de acadar estes obxectivos prioritarios para a fundación, temos que empezar por unha formación desde a escola, na que os alumnos e alumnas acaden un coñecemento amplo do contorno no que viven, traballando de forma interdisciplinar os contidos necesarios para acadar obxectivos xerais de etapa.

É por isto que propoñemos esta unidade didáctica, onde se presentan de forma sinxela actividades que constan dunha introdución teórica e unha parte práctica, dirixidas fundamentalmente a alumnos e alumnas de secundaria e do segundo ciclo de primaria, e onde se poderá traballar ó mesmo tempo desde distintas áreas, tratando os temas de forma amena para implicar ó alumnado no proceso de aprendizaxe, relacionando os conceptos previos dos que dispoñen co seu contorno sociocultural.

Índice

1. Paso a paso por terras do Courel	5
2. Montañas entre ríos	7
3. A formación do Courel	9
4. Entre glaciares e simas	11
5. Un xeito de vida	13
6. Historias con moito arraigamento	15
7. A conservación dos valores naturais	17
8. Un tesouro (botánico) á vista de todos (I)	19
9. Un tesouro (botánico) á vista de todos (II)	21
10. A diversidade da fauna (I)	23
11. A diversidade da fauna (II)	25
12. Os restos dunha presenza milenaria	27
13. Os romanos e a riqueza do Courel	29
14. O ferro das entrañas do Courel	28
15. Arquitectura aplicada ás necesidades	31
16. Muíños e oliveiras para producir aceite	33
17. Unha produción industrial con séculos de tradición	35
18. Unha construción para cada uso	37
19. Arquitectura adaptada	39
20. Edificios con identidade propia	43
21. Arquitectura ao servizo da relixión	45



I. PASO A PASO POR TERRAS DO COUREL

Onde estamos?

As terras do Courel sitúanse no extremo suroriental da provincia de Lugo, nos límites xa coa provincia de León. Este territorio está caracterizado pola dureza da montaña, con altos montes e profundos vales, con ríos de grande sona como o Sil, o Lor, o Lóuzara...

O territorio da Asociación Río Lor comprende sete concellos: Bóveda, Folgoso de Caurel, O Incio, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas do Sil e Samos. Todos eles pertencentes á provincia de Lugo. O Courel non é un espazo administrativo único. Non é un concello, nen unha comarca. É un espazo definido por unha forma de vida, polos seus habitantes e o seu xeito de integrarse no medio natural dende hai séculos. Os sete concellos pertencen a tres comarcas diferentes:
Comarca de Sarria: O Incio, Samos
Comarca de Quiroga: Folgoso de Caurel, Quiroga, Ribas do Sil
Comarca de Terra de Lemos: Bóveda, A Pobra do Brollón.

A Asociación Río Lor

A Asociación Río Lor é unha asociación sen ánimo de lucro constituída en 1992.

Entre os seus fins está favorecer o aproveitamento dos recursos locais, naturais e humanos, orientados á mellora das condicións de vida da poboación, e favorecer a conservación dos valores naturais presentes na zona de actuación, en especial en todo o concernente á preservación dos valores ambientais.




Un nome apropiado

Cal é a orixe do nome Courel? Hai varias teorías. Unha di que Courel deriva da palabra latina *aurum*, en referencia ás explotacións a ceo aberto de ouro que facían os romanos. Outra que provén do prerromano *cor*, que ven significando lugar rochoso e alto, o que lle vai moi ben á serra. Aínda que a toponimia oficial é Courel, a xente do lugar prefere a forma Caurel.



ACTIVIDADE: Un crebacabezas sobre o terreo

Aquí tes os mapas dos sete concellos. Fotocopia esta páxina e péga sobre unha cartolina. Recorta cada concello polo seu límite e a continuación intenta reconstruír o mapa xeral como se fora un crebacabezas



Quiroga

Superficie: 317 km²
Poboación: 4.150 hab

Ribas do Sil

Superficie: 69 km²
Poboación: 1.441 hab

Folgoso de Caurel

Superficie: 193 km²
Poboación: 1.400 hab

Bóveda

Superficie: 91 km²
Poboación: 1.866 hab

A Pobra do Brollón

Superficie: 175 km²
Poboación: 2.600 hab

O Incio

Superficie: 149 km²
Poboación: 2.358 hab

Samos

Superficie: 135 km²
Poboación: 1.950 hab

Fagamos contas...

Cos datos de cada concello imos facer algúns cálculos.

- ▶ Cal é a superficie total dos sete concellos?
- ▶ Cantos habitantes teñen entre os sete concellos?
- ▶ Calcula a densidade media (habitantes/superficie)
- ▶ A densidade media de Galicia é de aproximadamente 93,4 habitantes/km². Que che parece a comparación?





2. MONTAÑAS ENTRE RÍOS

Os cumios máis altos

A serra do Courel é un territorio montañoso co perfil redondeado típico das vellas montañas de Galicia. O núcleo principal da serra ten dirección nordés-suroeste, cunha lonxitude aproximada de 20 km entre o límite con León e o Alto do Boi. Os cumios principais deste tramo de serra son o Faro (1.615 m), o Formigueiros (1.639 m) e o Pia Paxaro (1.610 m).

Este macizo continúaase ao norte e noroeste coas Serras do Rañadoiro e a Serra de Oribio; ao oeste cos Montes do Lóuzara; e ao sur coa Serra dos Cabalos e de Montouto. Polo suroeste, despois do Alto do Boi, descende de forma continuada ata o val de Quiroga. Entre todos estes montes suman unha superficie de case 250 km² cunha altitude superior aos 1.000 metros.



Unha rede de auga

Centos de pequenas correntes de auga (arroyos, carrozos, regatos...) sucán estas montañas en todas direccións. Aos poucos, estes pequenos cursos vanse unindo ata formar os grandes ríos da serra, que discorren escavando os seus propios vales, afondando cada vez máis nun traballo de milleiros de anos. Polo norte, o río Oribio (nome da serra na que nace) cruza Samos en busca do Miño. O río Cabe, e o seu afluente principal, o Mao, cruzan Bóveda, O Incio e A Pobra antes de dirixirse ao Sil. O río máis destacado das zonas altas é o Lor. Case 50 km entre o seu nacemento en Fonlor (concello de Pedrafita do Cebreiro) e a súa desembocadura no río Sil, en Augas mestas (concello de Quiroga). Este curso de auga é o eixo que vertebra a Serra do Courel de nordés a suroeste. No Lor verte augas o Lóuzara, unión que se produce cerca de Folgoso. E ao sur o Quiroga e o Soldón (concello de Quiroga), ámbolos dous afluentes do Sil. Pero hai moitos máis: o do Mazo, Antiga, Noceda, Pequeno, Santalla... E en cada recuncho forman meandros, pozas ou fervezas causadas pola erosión da auga en busca dun camiño polo que correr.



Ferveza do Fícaro



Monte Formigueiros



Meandro do río Sil




Río Lor

ACTIVIDADE: Un corte na montaña




Imos intentar ver esta serra de perfil, como se puidéramos darlle un corte polos seus montes máis altos. E para iso faremos un gráfico. No seguinte esquema marca cun punto a altitude que che damos para cada lugar. Logo une eses puntos cunha liña e obterás o “perfil” da serra. Fai o mesmo para o segundo corte e compara ámbolos dous tendo á vista o mapa xeral.



Punto	Altitude	Distancia real en km
Formigueiros	1639	0
Moreda	743	3
Seoane	640	6
A Escrita	1455	11,3
Pedrafito	1100	12,50
Gundriz	710	15,3
Pico Oribio	1442	19
O Serrón	889	23,5
Samos	559	27,5

Punto	Altitude	Distancia real en km
Monte Faro	1615	0
Visuña	1000	2,9
Alto do Couto	1310	5,3
Formigueiros	1639	6,3
Quiroga	270	10,8
Pia Paxaro	1611	13,7
Cabaluda (TV)	1299	18,3
Alto do Boi	1000	20
Campodola	675	25,6
A Ermida	350	27,3



Responde...

- 1) Serías capaz de trazar unha liña aproximada sobre o mapa da páxina anterior para marcar os cortes dos gráficos?
- 2) Ponlle nome aos puntos máis baixos de cada corte (vales ou ríos)
- 3) Que concello cres que terá a altitude media máis elevada?
- 4) E cal a máis baixa?

Investiga

Pregunta e investiga como se pode medir a altura dunha montaña cos medios tecnolóxicos actuais. Sabes o que significa “sobre o nivel do mar” cando se fala de altitudes?



3. A FORMACIÓN DO COUREL

As grandes forzas da Terra

Hai moitos milleiros de anos que se formaron estas serras. As grandes forzas do interior da Terra foron dándolle forma. Un destes grandes movementos foi a chamada Oroxenia Hercínica, hai uns 300 millóns de anos. Durante este choque de continentes apareceron as primeiras formas do Courel, os grandes macizos e tamén os pregamentos en dirección noroeste. A continuación, este macizo sufriu a erosión e foise desgastando ata que, durante a Oroxenia Alpina de hai 60 millóns de anos, os bloques levantáronse e os ríos encaixáronse nas liñas de fractura das fallas. Deste xeito entre os cumios da serra e os vales dos ríos apareceron desniveis de máis de 1.000 metros. As rochas que forman a serra son principalmente lousas, xistos e areniscas da Era Paleozoica, con bandas de rochas de calcaria e cuarcita.



Vista xeral da Serra de Courel



Formación de rocha calcaria de Taro Branco

As rochas falan da súa historia: o pregamento de Campodola

Un pregamento xeolóxico é unha ondulación das capas superiores da codia terrestre provocada polo movemento das capas máis profundas da terra, en constante movemento. Este monte é un dos máis valiosos monumentos xeolóxicos de Europa. Por que é tan importante? Porque este monte ensínanos o que ocorre nas entrañas da terra, invisibles aos nosos ollos. Un espectáculo case sempre desapercibido ao visitante, pero extraordinario. Hai máis de 500 millóns de anos a superficie da terra neste lugar tiña unha composición e distribución en capas máis uniforme e plana que na actualidade. Os violentos movementos das capas da codia terrestre de entón provocaron pregamentos e fracturas no terreo. As distintas capas de rochas responderon de distinta forma segundo a súa maior ou menor dureza. A primitiva superficie plana acabou pregando. Desde entón, os movementos sísmicos e a erosión natural do vento e a auga fixeron desaparecer boa parte das capas máis superficiais cun gran corte transversal. E o máis importante, deixaron á vista a estrutura interna da terra.



Pregamento de Campodola

Tipos de pregamento

Hai moitos tipos de pregamento. O que estamos a ver é un pregamento de tipo deitado. Fixate do debuxo do lado e compárao coa foto.



Tipos de pregamento

Diagram illustrating four types of folds:

- pregamento arco (Anticlinal):** Lixa de Beiroa 90° con horizontal
- pregamento inclinado:** Lixa de Beiroa cunha 45° e vertical 45°
- pregamento sobrado:** Lixa de Beiroa cunha 45° e vertical 45°
- pregamento deitado:** Lixa de Beiroa horizontal

ACTIVIDADE: A formación dos pregamentos


Fixate no seguinte debuxo. Amósache como se produce un pregamento e os sucesivos pasos que teñen lugar ao longo de millóns de anos. O proceso é moi similar ao que ten lugar cando arrastras un pano ou mantel coa man.




Identifica por onde dobrou o monte

Neste esquema podes ver unha reconstrución de como son as liñas polas que se pregou o monte. Intenta responder ás seguintes cuestións:

- ▶ Hai algunha parte do pregamento que actualmente non se vexa. Por que?
- ▶ Como se chama o río que discorre ao pé do pregamento?
- ▶ Localiza a situación de Campodola e Leixazós e márcaa sobre o mapa da ficha
- ▶ Intenta reproducir cun pano a forma do pregamento






4. ENTRE GLACIARES E SIMAS

No Courel houbo glaciares

En poucos lugares de Galicia quedan as marcas de antigos glaciares. No Courel hai un val no que estas marcas son moi evidentes. Trátase do val da Seara (concello de Quiroga). Hai entre 130.000 y 10.000 anos, durante o Pleistoceno Superior, corrian por aquí ríos de xeo. Este glaciar estaba composto por tres linguas que ata aquí chegaban desde Formigueiros, A Lucenza e Porto Mourelo. A uns 300 metros máis arriba de onde hoxe está A Seara confluían os tres nunha mesma lingua, conformando así o glaciar definitivo.

Fixate nos tres vales que coinciden nas inmediacións desta vila. A erosión destes glaciares nas pendentes sobre as que discorron fai hoxe posible atopar pegadas da súa presenza. Chámanse *morrenas* ás acumulacións de pedras arrastradas polo xeo. Estas pedras eran arrincadas das partes altas dos vales. Esta erosión, co pasar do tempo, deu lugar a formas características: circos, anfiteatros... Aínda que xa non quedan glaciares no Courel, non é difícil imaxinar como era esta paisaxe hai cen milenios, cando os glaciares eran os protagonistas.



Esquema das linguas glaciares



Val glaciar da Seara

As simas máis profundas de Galicia

A presenza de rochas calcarias no Courel fai posible que existan numerosas covas e simas. A auga cargada de dióxido de carbono erosiona estas rochas. Así, ao longo do tempo formáronse covas como as de Chao de Mazairos, preto de Paderne, adornada de estalactitas e estalagmitas. Ou a do Ceza, en Noceda, de máis dun quilómetro de lonxitude. Xunto á aldea de Esperante está a sima máis profunda de Galicia, a de Aradelas, con case 150 metros de profundidade. E máis, ata completar unhas cen cavidades no Courel e no seu contorno inmediato.

En moitas destas covas atopáronse indicios de seren ocupadas en épocas prehistóricas polo que teñen moito valor antropológico. Ademais, nalgunhas delas como Ceza e Tras da Lastra apareceron restos de oso das cavernas, cunha antigüidade de arredor de... 35.000 anos!




Cova de Chao de Mazairos

ACTIVIDADE: Un corte na montaña

Describindo un glaciar

Aquí tes un debuxo no que aparecen representadas as partes dun glaciar. Como ves, faltan os nomes. Coloca cada nome no seu sitio.

CIRCO, LINGUA, MORRENA CENTRAL, MORRENA LATERAL, MORRENA FRONTAL, CREVASSES, SERACS



Para facilitarche o traballo tamén che damos as definicións.


Circo: cabeceira do glaciar, en forma de cunca, no que se acumula o xeo

Lingua: curso de xeo que se despraza ladeira abaixo

Morreña: acumulación de fragmentos de rocha desplazados polo glaciar

Seracs: fragmentación do glaciar en bloques

Crevasces: fendas producidas na lingua do glaciar



ESTALAGMITAS

A formación das simas

As simas e covas sobre rocha calcárea prodúcense pola acción da auga, lixeiramente ácida ao cargarse de dióxido de carbono, que van desfecendo o carbonato cálcico. Cando as sales disoltas na auga volven cristalizar, por exemplo ao pingar do teito ao chan dunha cova, fórmanse as estalactitas e estalagmitas.

Podes comprobar este efecto da auga cun experimento moi sinxelo. Nun vaso coloca un xiz. Bota sobre el un pouco de vinagre e observa o que ocorre. Estase a producir unha reacción na que o vinagre (ácido acético) descompón o material do xiz (carbonato cálcico) e produce dióxido de carbono en forma de burbullas. Con este experimento estás a simular o efecto da chuvia sobre a rocha calcárea.





5. UN XEITO DE VIDA

Unha poboación en descenso

O Courel non é alleo ao que está a suceder no resto de Galicia: o despoboamento das zonas rurais de interior. Os sete concellos dos que estamos a falar están vendo como a súa poboación diminúe continuamente. Algúns exemplos: Folgoso de Caurel comezou o século XX con 6.413 veciños e na actualidade non chega aos 1.500; O Incio tiña 8.137 habitantes en 1.900 e agora menos de 2.500; en Quiroga, entre 1960 e 1970 o descenso demográfico foi do 31 %. E o mesmo ocorre no resto dos concellos. Por que se produce isto? Pola continua e crecente emigración e por un crecemento vexetativo nulo ou negativo que fai que se produza un envellecemento da poboación. A decadencia do sector primario e a falta de oportunidades levan a esta situación.

Ademais en moitos dos concellos apréciase unha gran diferenza entre o poboamento que se da nas zonas montañosas contrastando co que existe nas zonas máis baixas ou de vales e incluso arredor dos principais núcleos. En Quiroga, o 70 % da poboación aglutínase en torno ás terras chas; en Ribas do Sil a metade dos habitantes viven na capital, San Clodio; e na Pobra do Brollón o sector oriental do concello, o máis montañoso, está practicamente deshabitado.

Unha economía de sector primario

A base económica de todo o territorio baséase no sector primario. Arredor de tres cuartas partes da poboación está empregada neste sector. Destaca a actividade gandeira, centrada en pequenas explotacións sobre todo de vacún, que duplica á de porcos e triplica á de ovellas. A agricultura varía entre as zonas montañosas, nas que os pastos se destinan principalmente á alimentación do gando ou os cultivos de cereais (centeio, trigo, millo), pataca e forraxe, habitualmente en pequenas parcelas que poucas veces superan a media hectárea. E non nos podemos olvidar do sector forestal que aproveita os recentes monocultivos de piñeiros e os tradicionais soutos produtores de castaña.

Pero cada concello e cada zona ten as súas particularidades. En Folgoso as terras de cultivo apenas chegan ao 2 %, mentras que un 90 % é superficie forestal, o que promove os serradoiros. En Quiroga destaca o monocultivo da vide, con máis de 350 Ha, e os pastos naturais. En Ribas, o 40 % da poboación tamén se dedica ao cultivo das vides. No Incio os cultivos supoñen o 35 % da superficie.

Outras alternativas económicas

Ademais do sector primario, cada concello destaca tamén nalgún sector concreto. A Pobra no sector textil. Bóveda en cerámica, mobles e produción láctea. O Incio en industria extractiva (cemento, mármore, calcaria) e forestal. En Ribas a construción. En Quiroga minería (canteiras de lousa) e produción hidroeléctrica (dúas centrais). En Folgoso o sector extractivo da pizarra. En Samos está aumentando a actividade comercial...

E no futuro... podemos mirar cara o sector terciario. Este territorio abundante en riquezas naturais, monumentais e etnográficas está comezando a espertar como destino turístico que poida ofrecer un desenvolvemento sostible.



Aldea da Seara, no sector máis montañoso do Concello de Quiroga



Adegas de Vilachá (concello da Pobra do Brollón)



O cultivo das vides é especialmente importante en Quiroga e Ribas do Sil



Encoro de Vilasouto (O Incio) que aporta auga ás terras do val

ACTIVIDADE: Unha poboación que envellece


Nesta táboa dámosche os datos de poboación dos concellos en tres tramos de idade. Podes construír uns gráficos de poboación sinxelos de cada concello e comparalos cos da provincia de Lugo e cos de Galicia. Despois responde a estas preguntas.

Que podes deducir dos gráficos que debuxaches? _____

Como definirías o sector primario? _____

Que é o crecemento vexetativo? _____

	<20 anos %	20-65 anos %	>65 anos %
Folgozo de Caurel	8,8	50,9	40,3
Quiroga	10,7	53,3	36,0
Ribas do Sil	9,5	52,2	38,3
O Incio	8,0	51,2	40,7
Bóveda	10,7	51,8	37,6
A Pobra do Brollón	8,7	48,3	43,1
Samos	9,8	53,1	37,2
Provincia de Lugo	14,1	58,2	27,6
Galicia	16,3	62,4	21,3



Sabes que é un silo?

Os gandeiros sábeno ben, xa que para eles é unha garantía de alimento para as súas reses. E nesta zona o gando é moi importante nas economías familiares.

Os silos son acumulacións de herba fermentada sen osíxeno, co máximo poder alimenticio. No verán pola seca e no inverno polo frío, os pasteiros empobrecense. Nese momento, un bo silo forneceranos da herba necesaria para o gando.

1



A herba ségase manualmente ou con maquinaria

2



Cárgase en remolques que a levan ao lugar do silo

3



A herba esténdese e compáctase

4



Envólvese en plástico para que fermente

6. HISTORIAS CON MOITO ARRAIGAMENTO



Nacidas da tradición

Sabedes o que é unha tradición? E unha lenda? Son cousas diferentes. As tradicións forman parte dos costumes antigos, herdados de xeración en xeración a forza de repetilos para que perduren no tempo. As lendas, sen embargo, son relatos que, pese a ter un fondo histórico, este foi deformado e esaxerado co paso dos anos. Lendas e tradicións. Moitas veces é complicado saber onde está o límite de cada unha.

A bruxa de Torbeo

Filomena Arias (1865-1938) naceu en Torbeo (concello de Ribas de Sil). Un día en que a moza participaba nun fiadeiro canda outras mulleres, foi á fonte da Cruz do Barrio e non se sabe o que alí aconteceu, pero as súas compañeiras contaron que voltou completamente transformada, ladrando e presa de convulsións, tentando bater a súa testa contra as paredes. As compañeiras agarrárona ata que se calmou. Pero os ataques repetíanse: entraba en trance; falaba, cousa inusitada nela, en perfecto castelán; adiviñaba cousas e atinaba con obxectos e persoas perdidas; receitaba remedios... A conclusión foi que quedara posuída por varios espíritos e había que botarllos fóra. No libro parroquial consta que foi exorcizada lográndose a expulsión de dous espíritos; deixouse outro dentro por temor a producir danos irreparables na súa saúde, tal era a resistencia que ofrecía a saír. Ese era o que lle transmitía o poder de curar e ter visións, actividade que practicou mentres viviu e na que acadou tal sona como curandeira e adiviña que a ela viñan en busca de remedios xentes de toda Galicia, de Castela, do norte de Portugal e emigrantes residentes en América. A partir destes feitos, o mito e a lenda calaron no pobo e son numerosísimas as anécdotas, versións, milagres, feitos sobrenaturais, etc. que se contan dela.

A Pena dos Catro Cabaleiros

Na Pena dos Catro Cabaleiros, a 1.235 metros de altitude, coinciden os límites dos concellos da Pobra do Brollón, O Incio, Samos e Folgoso de Caurel. A través da tradición oral sábese que en tempos remotos os alcaldes (cabaleiros) dos catro Concellos reuníanse aquí unha vez ao ano para tratar os máis variados asuntos que afectaban ás súas xurisdicións.

Ritos pagáns e cristiáns

"Na Hermida, no concello de Quiroga, celébrase en setembro (os días 8 e 9) unha festividade moi apreciada e querida polas xentes da zona, a Romaría da Virxe dos Remedios, que apareceu segundo a lenda nunha fonte presente no lugar e favoreceu a esa comarca. Por iso é levada en procesión acompañada de dous vellos xigantes (as pampórnigas) e do Meco. Hai que salientar esta misteriosa figura do Meco ou Felo, un valente personaxe de orixes remotas, agora identificado co diaño e as súas tentacións, que cunha vasoira de toxos procura que a multitude non entre na igrexa e así se distraia do culto".



A bruxa de Torbeo



Recreación dos Catro Cabaleiros



Pampórniga e Meco na procesión

ACTIVIDADE: O Antroido de Salcedo

O antroido de Salcedo (A Pobra do Brollón) ten merecida fama. Durante séculos, os veciños desta parroquia souberon converter estas festas nun modelo de divertida orixinalidade. O máis característico elemento deste antroido é o Oso. Sae o luns polas rúas acompañado de catro criados que suxeitan as persoas que se cruzan no seu camino para que o Oso os lixe coa cinza que leva nun saco. Son moi poucos os que se libran de voltar á casa sen manchas de cinza na cara. O martes, son as vistosas “madamas” e os “danzantes”, os que toman as rúas. Visten toucas de cabelo de cabra e van con chapeus de palla ou de copa que se adornan con fitas e flores.



O oso do antroido de Salcedo



A chave

Xogos populares

Os xogos populares forman parte das tradicións que se transmiten xeración tras xeración. Cada zona ten os seus xogos predilectos e co paso do tempo as regras e as pezas do xogo acaban sendo únicas. En Quiroga, o xogo dos birlos practícase dun xeito diferente. Sobre o “patio” ou “pedra”, unha laxe de lousa, colócanse os nove birlos. Cada un é unha peza de madeira. O noveno birlo, o “puntalete”, non vai de pé, senón apoiado sobre o anterior. Os xogadores deben lanzar a bóla, intentando que tanto ésta como os birlos que golpea, cheguen máis alá da liña de vinte metros. Cada birlo que supere esa distancia, e mesmo a bóla, suma nove puntos. Mais se a bóla queda entre o patio e os vinte metros, non se obtén ningún punto. É o que se chama “cochar”, ou sexa, un cero.

O xogo da chave é moi semellante ao que se practica no resto de Galicia. Cada xogador dispón de cinco pellos ou fichas de ferro. A chave é unha dobre pá de ferro sobre un eixo horizontal. O obxectivo do xogo é conseguir que, con cada pello, a chave dé un xiro completo, co que se consegue un punto.

Agora é o teu turno

Pregúntalle aos teus familiares ou amigos maiores se coñecen algunha destas lendas e tradicións. Ou algunha outra diferente ou curiosa. Anota e logo reescriba. Xuntade as de varios compañeiros de clase e facede debuxos que as illustren. Podedes facer un pequeno caderno coas vosas novas lendas e tradicións.





7. A CONSERVACIÓN DOS VALORES NATURAIS

Que é un espazo natural protexido?

Actualmente a presión do ser humano sobre o medio natural é tan forte que a penas quedan lugares nos que os valores naturais poidan conservarse de forma espontánea. Por iso é necesario que as administracións escollan aquelas zonas de maior valor para preservalas do seu deterioro. Segundo a lei galega, a definición dun espazo natural protexido é a seguinte: “aqueles espazos que conteñan elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, tanto debidos á acción e evolución da natureza coma derivados da actividade humana”.

No territorio do Courel que estamos a estudar hai dúas zonas que teñen algún nivel de protección oficial.

O LIC Ancares-Courel

Este espazo natural comparte dous territorios diferentes: Os Ancares ao norte da estrada N-VI (Pedrafita do Cebreiro) e o Courel ao sur. Na zona do Courel, os concellos implicados son Folgoso de Courel, A Pobra do Brollón, Quiroga, Samos e Ribas do Sil. É un hábitat de alta montaña con presenza de importantes masas forestais autóctonas, nas que destacan as devesas. Carballos, cerquiños, ameneiros, bidueiros... pero sobre todo faias, teixos e acivros danlle valor a estes bosques. Nas zonas máis altas son os matos os que cobran protagonismo, mentras que a ripisilva se desenvolve nas beiras dos ríos. E nestes hábitats sobrevive aínda unha comunidade faunística moi diversa. Desde invertebrados como a vacaloura ata o lobo ou a presenza esporádica de osos, pasando por réptiles, anfibios ou aves que son moi difíciles de atopar xa noutros lugares de Galicia.

O LIC Río Cabe

O río Cabe nace a aproximadamente 900 metros de altitude no monte de Loureira, no concello do Incio. Cruza tamén o concello da Pobra do Brollón. E recibe augas de afluentes como o Antiga e o Mao. O seu destino é o río Sil despois de 53 km de percorrido. Posúe unha vexetación de ribeira de ameneiros e freixos moi ben conservada, que é o seu principal valor. Entre a fauna, son salientables a lontra, o armiño, os morcegos... e una pequena libélula (*Macromia splendens*) catalogada en perigo de extinción.



Devesa de Paderne



Lagartixa da Serra



Río Cabe no Incio


ACTIVIDADE: Os espazos naturais protexidos de Galicia

Cada un no seu lugar

Neste mapa de Galicia tes identificado en cor verde escura os LIC de Galicia. Ademais, algúns deles son tamén Parques naturais e Parques nacionais. Investiga nun atlas de Galicia onde están os seguintes lugares e márcalos sobre o mapa desta ficha:

- Parque nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas de Galicia
- Parque natural das Fragas do Eume
- Parque natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán
- Parque natural serra de Enciña da Lastra
- Parque natural Monte Aloia
- Parque natural O Invernadeiro
- Parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés

Sinala tamén cales son o LIC Ancares-Courel e o LIC Río Cabe.



Que é un LIC?

LIC son as siglas de *Lugar de Importancia Comunitaria*, a denominación que se lle dá a nivel da Unión Europea aos lugares a protexer mediante a Rede Natura 2000, que é a rede de espazos protexidos segundo a Directiva 92/43/CEE, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coñecida como Directiva Hábitats.



O ameneiro

O ameneiro é a árbore propia dos bosques de ribeira e a máis frecuente nas beiras do río Cabe. Investiga nunha guía de campo e completa a súa ficha cos seguintes datos:

Nome galego _____

Nome castelán _____

Nome latino _____

Cor da cortiza _____

Forma da folla _____

Altura que pode acadar _____

Usos da súa madeira _____

Usos medicinais _____



8. UN TESOURO (BOTÁNICO) Á VISTA DE TODOS (I)

A vexetación atlántica do Courel

No Courel conflúen dous tipos de vexetación diferente: a de tipo atlántico e a de tipo mediterráneo. A vexetación atlántica é a dominante. Os bosques que aquí deberían cubrir o territorio son os formados polos carballos nas zonas baixas e polos cerquiños e carbas nas zonas de montaña ata os 1.300 metros de altitude. Estes bosques presentan como termo medio unhas 30 especies de plantas que se dividen en tres niveis ou estratos segundo a súa altura. As herbáceas son as plantas máis pequenas como a herba salgueira, o azafrán silvestre (que florece no outono), os fentos, a herba do gando... O seguinte nivel é o dos matos nos que aparecen xestas, carpazas, espiños ou silvas. E os máis altos, por suposto, as árbores como cerquiños, acivros, faias, teixos... Sen embargo, estes bosques, debido aos usos do solo, os incendios e outras actividades humanas, son cada vez máis escasos e foron substituídos por amplas zonas de mato (xestas, queiroas), cultivos e plantacións forestais. Por iso é importante conservar aqueles que todavía sobreviven agochados entre as montañas.

A devesa da Rogueira

A devesa da Rogueira é o bosque máis famoso do Courel. Pero que é unha devesa? Este é o nome que se emprega para referirse a un bosque mixto, no que comparten protagonismo diferentes especies de árbores. A devesa da Rogueira é unha das xoias botánicas de Galicia. Ao pé do monte Formigueiros o bosque esténdese desde os 750 ata os 1.400 metros de altitude. Conformado polo rego da Rogueira, afluente do Lor, ten forma de anfiteatro orientado cara ao noroeste. No seu chan sucédense diferentes tipos de solos: louseiros, cuarcíticos e calcarios, o que unido á súa situación xeográfica, a medio camiño entre as influencias climáticas atlántica e mediterránea, dá lugar a unha extraordinaria diversidade vexetal. Medran aquí case todas as especies de árbores, arbustos ou flores do Courel. É de destacar, neste sentido, que no Courel están representadas o 40% das especies vexetais galegas, a pesar de ocupar un territorio que supón o 1% do total de Galicia. Impresionante, ¿non si?

As diferentes formacións arbóreas altéranse en altitude, substituíndose unhas ás outras. Na franxa inferior, xunto aos prados de sega, sitúanse os soutos de castiñeiros, explotados desde antigo. Aos poucos, van deixando lugar ás masas de carballos (carbas e cerquiños). Máis arriba aparecen as faias, misturadas con teixos e acivros. O límite superior do bosque márcano os bidueiros, xa que por riba deles só aparecen matos. Pero esta non é a única devesa de interese: Paderne, Romeor, Riocereixa... son mostras dos valores botánicos do Courel.

Xoias entre o tesouro

Entre tanta diversidade de plantas, algunhas son de especial interese ao estar catalogadas tanto a nivel español como europeo como especies que hai que protexer, como o *Narcissus asturiensis*, o *Iris boissieri* ou a árnica. Ademais, están aquí representados o 40 % dos cogumelos e máis do 30 % dos líques de Galicia.



As cores de outono amosan a diversidade da devesa da Rogueira



Interior sombrio na devesa da Rogueira



Narcissus asturiensis

ACTIVIDADE: Cada unha no seu lugar

As bandas de vexetación

Fixate no esquema do lado. A vexetación que se sitúa sobre a ladeira da montaña o fai segundo bandas de altitude. Nas zonas inferiores, xunto ao río, están os chopos e os ameneiros. Despois aparecen os castiñeiros, carballos ou carbas e cerquiños. Aos poucos comezan a aparecer os teixos e as faias e, entre medias, os acivros. Por último, as árbores que chegan máis arriba son os bidueiros que marcan o límite superior da devesa. Por riba deles atoparemos os matos de queiroas, xestas e carpazas.

Ponlle nome a cada número segundo penses que lle corresponde con esta descrición.

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____
7. _____
8. _____
9. _____
10. _____



Carballo ou cerquiño

O carballo e o cerquiño son dous "robles" moi semellantes. Saberías distinguilos?

Aquí tes os debuxos das pólas e landras dun e doutro. Fixándote neles e consultando algunha guía de campo, marca cun (1) as características que sexan do carballo e cun (2) as que sexan do cerquiño.

- Follas caducas
- Follas marcescentes (secan no outono pero non caen)
- Follas con peliños brancos polo envés
- Follas glabras (sen peliños) polo envés
- Nome latino: *Quercus robur*



- Entrantes (lóbulos) das follas moi profundos
- Entrantes das follas pouco profundos
- Landras sen pedúnculo (rabiño)
- Landras con pedúnculo longo
- Nome latino: *Quercus pyrenaica*

Os nomes latinos dos seres vivos

Dependendo das rexións, países ou idiomas, a cada especie coñécese por un nome diferente. Isto fai que sexa difícil entender de que especie estamos a falar. Por iso, no século XVIII o naturalista Linneo ideou un sistema para que todos usáramos o mesmo nome. Así, cada especie descrita pola ciencia ten un nome en latín que consta de dúas palabras: o xénero e a especie. Aínda que ao cerquiño lle chamen *melojo* ou *rebollo* en castelán, *pyrenean oak* en inglés, *rouvre* en francés, *quercia dei Pirenei* en italiano... todos nos entenderemos se o coñecemos polo seu nome latino e científico: *Quercus pyrenaica*.



9. UN TESOURO (BOTÁNICO) Á VISTA DE TODOS (II)

A vexetación "mediterránea" do Courel

Na natureza as fronteiras non son liñas perfectamente definidas sobre un mapa, senón anchas bandas de transición. Hai que poñer atención para advertir os cambios que teñen lugar nelas segundo as atravesamos.

Nesta zona de Galicia o val do Sil fai de fronteira entre a vexetación atlántica e mediterránea, con preponderancia sobre todo desta última. Durante o inverno as ladeiras dos montes permanecen en boa parte verdes. É debido á presenza de rebolos, érbedos ou aciñeiras, todas elas árbores que non perden as súas follas coa chegada do frío, como sucede nos bosques atlánticos. Ao seu pé, e nas zonas desprovistas de árbores, medran multitude de especies propias do sur. Destacan as brancas flores das carpazas ou estevas, que se defenden do sol e a calor con diferentes estratexias, como posuír follas duras e cubertas de pelos ou unha resina pegañenta que reflicte o exceso de luz.



Érbedo

Os soutos

O castiñeiro aparece en case toda Galicia, pero con moita menos importancia da que tiña antano. A partir do século XVIII o cultivo do millo e a pataca quitou interese e terra aos soutos. Despois a enfermidade da tinta mermou as súas poboacións. No Courel os soutos formaron e forman parte da natureza e das tradicións. Case todas as vilas e aldeas teñen o seu souto que explotan ou explotaron ata hai poucos anos. A limpeza dos estratos inferiores, a explotación da castaña e a madeira, a renovación da copa (cortas), a seca das castañas nos sequeiros... son traballos que forman parte da etnografía de cada lugar.



Souto

Os aciñais

Os aciñais ou aciñeirais son os bosques nos que a árbore dominante é a aciñeira. En Galicia son formacións escasas, non demasiado frecuentes. No Courel as aciñeiras aparecen sempre sobre as rochas calcarias, de xeito que é fácil identificar este sustrato: adoita haber aciñeiras e tamén covas. Un dos aciñais de maior superficie é o de Campelo (Concello de Folgoso). As aciñeiras están acompañadas de érbedos, xaras, ouregos, lavandas...

Outra especie semellante que aparece espallada de xeito puntual é a sobreira. Ámbalas dúas son árbores máis mediterráneas que atlánticas.



Aciñeira

ACTIVIDADE: Coñecemos as nosas árbores

Unha sobreira con historia

Falando de árbores, hai algunhas que merecen comentarios especiais. No lugar de Santiorxo (concello da Pobra do Brollón) podemos observar unha famosa sobreira. Ten un diámetro de case 3 metros e un perímetro de 10,80 metros (a 1,25 metros do chan). Estímase unha idade superior aos 1.300 anos! Isto quere dicir que é posible que fora testemuña das invasións árabes...! As abraiadas dimensións do tronco deste exemplar son consecuencia dunha enfermidade que padece e que fai que o tronco se fure polo medio. Pero non é a única. En toda a zona podemos ver un importante número delas, a maioría centenarias.

A sobreira de Santiorxo



Miniguía para recoñecer as árbores

Estes son os debuxos das especies de árbores máis frecuentes no Courel. Intenta relacionar cada nome co seu debuxo (algunhas podes atopalas noutras fichas desta unidade didáctica)

Carballo - Cerquiño - Sobreira - Érbedo - Acivro - Ameneiro - Faia - Teixo





10. A DIVERSIDADE DA FAUNA (I)

Un lugar para cada un

Son varias as razóns que fan que no Courel a fauna atope un lugar especial para residir. Por unha banda a diversidade de hábitats fai que convivan poboacións de diferentes características. Por outra banda, aquí conflúen condicións de vexetación mediterránea e atlántica, o que aumenta as posibilidades de atopar alimento, refuxio ou territorio. E por último, aínda quedan redutos moi ben conservados que aumentan as posibilidades para aquelas especies que xa desapareceron ou están en perigo noutros lugares de Galicia.

Algunhas especies son xeralistas, é dicir, poden adaptarse practicamente a calquera hábitat. Sen embargo outras son moi dependentes das condicións dunha área concreta (ríos, montañas). En calquera caso, a natureza non entende de fronteiras polo que moitos destes animais poden compartir diferentes hábitats. Imos coñecer algúns destes protagonistas.

A vida nas montañas

Quizais as zonas máis altas da serra sexan as máis esixentes en canto ás condicións de vida. Nestas zonas sen embargo, en contra do que podería parecer, podemos atopar unha interesante variedade. Nos regatos, lagoas e encharcamentos das montañas aparecen pintafontes que comparten humidade coa estroza, alimentándose de larvas acuáticas de insectos. Sobre as pedras asoléanse as lagartixas serranas ou os lagartos das silvas. Entre o mato das alturas saltan corzos, presa do escaso lobo que patrulla con frecuencia estas zonas. Entre as aves poderemos observar laverclas, azulentas, pícas... e cun pouco de sorte algunha aguí real.

Entre as raíces e as pólas

Os bosques, soutos e devesas representan unha protección para moitos animais que atopan aquí refuxios entre as raíces ou nos troncos ocos como poden ser as xenetas, leiróns ou petos. Entre as pólas multitude de paxariños como paporrubios, ferreiros, estreliñas ou pimpíns comparten espazo con azores ou rapiñas nocturnas como avelaionas e bufos pequenos. Os tocóns e árbores vellas e mesmo o chan fresco son o refuxio de moitos invertebrados interesantes, algúns deles en perigo, como a vacaloura ou o escarabello de longos cornos. E no Courel son especialmente destacables os mamíferos de bosque. Aquí aínda son frecuentes as martarañas e garduñas que marcan o seu territorio. Pero tamén están presentes o gato bravo ou o oso, este de xeito moi esporádico. A presenza dunha boa cobertura arbórea e os froitos de outono son esenciais para a supervivencia desta comunidade.



Lobo



Avelaíona




Martaraña

ACTIVIDADE: As pirâmides tróficas

Os chanzos da vida, unha forma de velo

As relacións entre os seres vivos son complicadas. O feito de “comer e ser comido” é o verdadeiro soporte da vida de calquera ecosistema. É a forma na que se transmite a enerxía necesaria para sobrevivir. E cada especie cumpre a súa función neste quebracabezas. Unhas, as plantas (ou produtores), encárgase de fabricar o alimento básico. Outras son herbívoros (ou consumidores primarios) e aproveítanse dos anteriores. E logo están os carnívoros (ou consumidores secundarios). Case sempre nos esquecemos dunha parte importante, os descompoñedores como insectos, fungos, bacterias... que devolven ao solo os restos duns e outros en forma de alimento para as plantas para que o ciclo volva a comezar.

Intenta reconstruír unha pirámide sinxela colocando cada un destes seres vivos no nivel que creas que lle corresponde.





II. A DIVERSIDADE DA FAUNA (II)

A vida nas augas

A auga é un elemento esencial para a vida. Por iso non debe sorprendernos que nos ríos e regatos do Courel a fauna xurda por todos os currunchos. Algunhas especies estarán condicionadas pola altitude, outras sinxelamente polo caudal de auga.

Entre os peixes, os máis significativos son a troita e a boga, que se alimentan fundamentalmente de insectos acuáticos e das súas larvas, moi abundantes nas augas limpas. Nos encharcamentos e lagoas (como Lucenza) están presentes os pintafontes e estrozas, mentras que nos regos e as súas proximidades son máis abundantes a rá patilonga ou a vermella e a píntega rabilonga, un endemismo do noroeste peninsular. Algunhas aves son propias deste medio como o picapeixe ou o merlo rieiro. Tamén é hábitat propio de algúns mamíferos como a auganeira e o mellor adaptado de todos, a lontra, que percorre o seu tramo de río arriba e abaixo, xogando, cazando... marcando o seu territorio. E por suposto, nos ríos máis grandes e encoros habitan lavancos, garzas, etc.

Pero tampouco é menos atractivo o contorno do río, o bosque de ribeira. Dá acubillo a multitude de especies: lagartos arnais, armiños, paxariños como papuxas ou ferreiriños.



Lontra

A charrela



Aínda que é a perdiz máis común en Europa, en Galicia está restrinxida ás serras orientais, como a do Courel. O seu hábitat preferido son as pradeiras de alta montaña, nas que fai o niño polo mes de xuño. Aliméntase de insectos e sementes, pero ao chegar o outono e inverno, cambia a dieta e depende fundamentalmente de pequenos froitos como os arandos.



O gato bravo

O gato bravo, cada vez máis escaso, gusta dos bosques do Courel máis alonxados do ser humano, incluso nas devesas das montañas. A súa dieta baséase en pequenos mamíferos como cortas dos prados, ratos de campo, leiróns... pero tamén réptiles, aves forestais e insectos. O seu aspecto é moi semellante a un gato doméstico, pero de maior tamaño (ata nove quilos) e a cor de pelo e o rabo característico.




O merlo rieiro

Este si que é un paxaro de río. Mais aínda, prefire as augas batidas, con pequenas fervenzas ou correntes rápidas. Aí é onde se mete debaixo da auga e, mergullándose se é necesario, captura os insectos (e as súas larvas) das que se alimenta: cabaliños do demo, moscas de río, escaravellos acuáticos. De seguro que algunha vez o viches voando fugazmente sobre a superficie de auga cun bater de ás moi rápido. O seu niño estará preto, baixo dunha pontella ou nun muíño.


ACTIVIDADE: Unha rede complexa

... pero hai outra forma de velo. Imaxínate este ecosistema como unha rede na que as diferentes especies únense entre elas por fíos invisibles. Representámo do seguinte xeito. Nesta rolda, une cunha frecha (como no exemplo) a quen cres que come cada un dos animais. Ao final terás unha complexa rede de interrelacións. Analiza o resultado.



Descubindo un paxaro

Cando consultes unha guía de aves, seguro que verás que as describe con palabras que non coñeces. Con este debuxo podes reconecer os nomes que se lles dá a algunhas partes dunha ave.





12. OS RESTOS DUNHA PRESENZA MILENARIA

Hai cinco mil anos...

Temos referencias do poboamento destas terras hai cinco mil anos. Son os restos da cultura megalítica. As súas principais manifestacións que chegaron ata nós son os petroglifos e, sobre todo, os enterramentos. No concello do Incio, nunha altiplanicie no seu límite norte, sitúase a necrópole de Santa Mariña, un conxunto de 45 túmulos que datan do terceiro milenio a. C. (do Neolítico final).

Os túmulos ou mámoas son enterramentos colectivos, para un grupo ou clan. Debaixo da cuberta de terra está o dolmen, un polígono de pedra que protexe á cámara funeraria. Nesta é frecuente atopar restos de ferramentas e cerámicas. En Santa Mariña, aparecen en grupos de 3 ou 4. O mellor conservado é un sepulcro de corredor de 5,6 metros de lonxitude e unha cámara cun diámetro de 2,8 metros de diámetro. Tamén desta época son frecuentes no Courel os petroglifos, ou gravados en rocha, e os restos atopados no interior de covas supostamente habitadas polos nosos antepasados.

A cultura castrexa

Entre os séculos II antes de Cristo e II despois de Cristo, a cultura castrexa tivo unha importante presenza nas terras do Courel, como demostran infinidade de castros, a maioría deles moi próximos ás actuais vilas e aldeas, situados en promontorios. O castro do Vilar é un dos máis impresionantes vestixios castrexos que se conservan a nivel galego. Estivo ocupado, case con seguridade, desde o século II d. de C., con varias fases máis de ocupación durante a Idade Media. Está sobre un alongado esporón orientado con dirección norte-sur, preto da aldea de Vilar, onde o Lor describe un pronunciado meandro. Pertence á serie de castros altos que defenden o camiño da marxe esquerda do río. O seu estado permite distinguir, como elementos defensivos, tres foxos sucesivos, unha torre sobre o terceiro, polo acceso natural do sur, e unha impresionante muralla de preto de dous metros de ancho polo norte (menos accesible). A pequena superficie achairada artificialmente cara ao oeste era a zona de vivendas: doce "casas" de plantas irregulares para adaptárense ao pouco terreo dispoñible. Na parte leste do esporón os aterraxamentos seguramente estaban destinados a terras de labor e estabulamento de gando. Dispoñía ademais dunha rede de comunicacións con dous camiños principais. O primeiro baixa pola ladeira leste, cruza o río e toma dirección cara a Vilamor. O segundo baixa pola ladeira occidental e cruza tamén o río, para dirixirse ao sur, cara ao castro de Portela.



Situación da necrópole de Santa Mariña



Petroglifos no concello do Incio



Restos dunha vivenda do castro de Vilar




Castrexo

ACTIVIDADE: Un achado de importancia histórica

Reconstrúe a táboa da alianza

No Monte Cido (Concello de Folgoso) atópanse importantes restos de cultura castrexa. Tamén aquí recuperáronse unha aguiña de bronce pertencente a un estandarte romano e unha placa de bronce do ano 28 da nosa era. Esta placa, chamada "Tésera da Hospitalidade", ten un texto gravado que semella ser un tratado de amizade entre castrexos e romanos.

Aquí a tes, coa súa inscrición traducida... pero feita anacos. Recompona para poder ler o texto.



As claves da prehistoria

Nesta sopa de letras tes agochadas oito palabras relacionadas coas culturas prehistóricas do Courel e que aparecen na páxina anterior. Para que sexa máis fácil, dámosche as súas definicións:

- Poboado prerromano
- Gravado na rocha prehistórico
- Conxunto de enterramentos prehistóricos
- Túmulo funerario cuberto de terra
- Período prehistórico (hai uns 5.000 anos)
- Aldea do Courel preto dun dos castros mellor conservados
- Estrutura defensiva que rodea un castro
- Grupo familiar prehistórico

A	B	H	A	N	S	F	E	L	U	S	D	A	R	O
P	I	P	O	T	E	B	I	J	I	L	O	C	I	D
V	A	L	D	N	E	O	L	I	T	I	C	O	L	P
M	D	O	F	E	I	S	C	L	A	M	P	A	T	M
L	O	T	L	C	I	S	C	O	L	E	C	U	D	T
U	P	E	T	R	O	G	L	I	F	O	V	A	N	M
O	N	H	C	O	P	L	A	M	U	H	B	I	C	U
C	Z	O	L	P	U	A	N	U	A	V	E	Z	A	D
G	A	N	M	O	S	B	F	D	S	A	J	O	S	A
I	G	A	B	L	F	I	A	M	J	A	N	E	T	C
N	D	I	N	E	P	U	J	E	D	O	H	O	R	A
A	R	I	D	A	P	O	T	N	O	A	C	F	O	P
R	I	B	V	I	L	A	R	F	O	X	O	L	O	C
V	O	L	O	J	O	R	M	U	G	A	I	L	Z	A
M	A	M	O	A	N	B	O	N	B	I	U	G	E	S

13. OS ROMANOS E A RIQUEZA DO COUREL



A romanización deixou numerosos vestixios nestas terras. Os máis impresionantes son os restos das extraordinarias explotacións auríferas a ceo aberto daquela época, que esixiron desviar ríos enteiros para derrubar montes (*ruina montium*). A vida cotiá nos

castros comezou a adaptarse ás novas formas culturais, pois a chegada do latín e a importación de novos cultivos como a oliveira, o castiñeiro ou as vides supuxeron cambios definitivos.

Furar unha montaña a cambio de ouro: o túnel de Montefurado

Este xigantesco burato tiña orixinalmente 120 metros de longo (dos que hoxe, trala gran riada de 1934, quedan só 52), 20 metros de longo e máis de 20 de altura máxima. Foi unha das obras de enxeñaría máis espectaculares que o Imperio Romano levou a cabo na provincia de Hispania. O seu obxectivo era secar unha parte do leito do río Sil desviando o seu curso para poder recoller con facilidade e rapidez o ouro que arrastraban as súas augas. Probablemente a obra comezou en tempos de Traxano. Foron milleiros de homes os que traballaron para producir, segundo as crónicas da época, preto de 20.000 libras de ouro anuais, que na súa inmensa maioría eran enviadas a Roma. A lenda e algúns historiadores afirman que no próximo lugar de Sesmil estivo asentada a undécima lexión romana.



Túnel de Montefurado

A mina da Toca: unha ferida aberta no monte

A mina da Toca, no concello de Folgoso, é un corte a ceo aberto para o beneficio do mineral de ouro. Os labores romanos baleiraron unha serie de veas de mineral aliñadas en dirección NO-SE, que alcanzan o cumo do monte. Para iniciar o xacemento fíxose unha gran obra de arranque que deixou un enorme cavorco desde o cumio ata case a cota do río. As súas dimensións na actualidade son de 675 metros de lonxitude, de 40 a 90 metros ancho e entre 15 e 30 metros de profundidade. Con estes datos, o volume aproximado de mineral extraído durante a explotación desta mina sería duns 800.000 metros cúbicos. Como na gran maioría das explotacións auríferas caurelás, a forza empregada para partir a rocha era a da auga, polo que está provista de varias canles a diferentes cotas do monte. Moitas delas foron máis tarde reconvertidas en camiños ou sendeiros para o gando. As augas aportadas por estas canles confluían nun gran depósito de distribución, o "stagnum", desde onde eran conducidas a uns depósitos situados sobre a cabeceira do corte. Na cota máis baixa da mina existe unha concavidade ou socalco destinada á recollida e elaboración do primeiro mineral enriquecido. Recentemente foi achado aquí un muíño circular, que ben podería ter servido para triturar o mineral.



Vista da mina
da Toca




Pebida de ouro

ACTIVIDADE: Traballos de titáns

Como se fixo Montefurado...?

Aquí tes a secuencia de cales foron os pasos que seguiron os romanos para facer esta monumental obra de enxeñería. Relaciona os números dos mapas co seguintes lugares:



- Encoro de Montefurado
- Os Casares
- Río Sil
- Estrada N-120
- Montefurado (San Miguel)
- Poboado de Iberduero
- Río Bibeí
- Os Angueiros
- Túnel de Montefurado

Ruina Montium e a mina da Lama

Para extraer o ouro mesturado coa terra das montañas, os romanos empregaron diferentes sistemas. O máis espectacular era o denominado *ruina montium*. Consistía basicamente en escavar no terreo unha rede de galerías tanto verticais como horizontais comunicadas entre si, nas que se introducía, unha vez rematadas, unha grande cantidade de auga para que entre a presión exercida nas paredes das galerías, a forza do aire que comprimía e o rebrandecemento da terra, acabara derrubando o terreo. A mestura de terra e pedras, unha vez retirados os pelouros, conducíase ata unhas canles de lavado. As pedras amoreábanse logo todas xuntas nos característicos depósitos que hoxe se denominan "muradellas". Na Lama, no concello da Pobra do Brollón, existe un complexo mineiro constituído pola mina do Medo e o castro da Lama. O que se ve da mina, O Medo, é unha escavación alongada formada por dúas pequenas fonduras xustapostas e abertas polo método da *ruina montium*, como o demostra a forma de dentes de serra do bordo superior do lateral da corta (en cada vértice habería un pozo polo que meterían a auga nas galerías). A mina foi traballada arrincando de arriba a abaixo capas sucesivas de lama, xa que se aprecian por encima da corta os vestixios do derrubamento de polo menos dúas capas. A auga traíase do río da Barxa e do río do Val, por canles e depósitos dos que non se ven pegadas por estar cubertos polo monte. Os depósitos de áridos (croios) estaban na parte de enriba do bordo do nacente. Tamén forman parte deste complexo mineiro as minas de Liñares, O Foxaco, Libiado, A Labrada, A Ponte, A Carballeira, todas de pequeno tamaño e difíciles de ver.



Fíxate nestes debuxos que mostran como tiña lugar o proceso de ruina montium e describe o que ocorre en cada un deles



Minas con historia

A busca de filóns de ouro durante o dominio romano detectou importantes xacementos de ferro, chamados veneiras, nome que fai alusión ás veas de ferro que poden atoparse. Algúns destes xacementos, como a veneira de Formigueiros, xa eran traballados antes da chegada dos romanos. A explotación destoutro mineral foi nos séculos seguintes un dos principais motores económicos destas terras. As arcaicas ferrarias romanas darían paso, na Idade Media, a toda unha industria que durante case 600 anos aproveitou a enerxía hidráulica xerada polos ríos e regos coureláns.

As veneiras máis produtivas

Na Pobra do Brollón existiron dúas veneiras de gran importancia: a de Roques e a de Cova das Choias, no lugar de Biduedo. Ámbalas dúas forneceron de mineral ás ferrarias do contorno. Tamén forneceron de vea a outras da provincia de Lugo e do Bierzo. A Veneira de Roques foi unha das poboacións mineiras máis importantes da provincia de Lugo e aínda quedan restos dunha primitiva fragua. No seu momento álxido, alá por 1830, chegou a contar con 37 mineiros. A súa actividade perdurou ata mediados do século pasado e aínda se conservan as galerías soterráneas, que circulaban por baixo das vivendas. O mineral era transportado ata as ferrarias en burros, de aí que a unidade de peso para a *vea* (ou mineral recén extraído) fose o *quintal macho*, equivalente á carga que podía levar un burro (aproximadamente 90 Kg).

Outra das veneiras máis produtivas na súa época foi a do Formigueiros. Neste caso trátase de explotacións a ceo aberto, feridas na rocha, na ladeira surleste do monte. Vellos camiños baixan das ladeiras do monte, camiños abertos polos carros cargados de mineral que o transportaban ata as ferrarias: Seoane, O Mazo, Rugando...

A ruta do ferro

O ferro foi imprescindible para a fabricación das ferramentas das labores do campo. No concello do Incio existiron unha serie de minas e prospeccións das que se extraía de forma continua ata mediados do século pasado. Ao longo de sete quilómetros agrúpanse cinco minas abandonadas. A máis longa de todas é a de Fonte Barrosa, con máis de 600 metros de lonxitude repartidos en oito galerías. O resto son máis pequenas: Bouzallo de San Miguel, mina do Couso, A Tinta. Pero continuando a ruta, podemos chegar ata a Cova das Choias, xa no concello da Pobra do Brollón. Esta cavidade é natural pero foi ampliada para a extracción do ferro xa desde os tempos dos romanos, pero sobre todo nos séculos XVI e XVII. Ademais, ao longo do percorrido aparecen arroyos de auga ferruxinosa, como o do Balneario da Ferrería, que dan mostra do mineral que agochan estas terras.



Galería da Veneira de Roques



A carga do mineral de ferro




Galería da Cova das Choias

ACTIVIDADE: Unha necesidade básica

O ferro foi e é un mineral básico para o desenvolvemento de moitas actividades do campo. Pensa na vida cotiá ata mediados do século pasado e aínda hoxe. Anota cantas ferramentas ou utensilios podes lembrar que estén feitas con ferro.

Ferramentas, aparellos e construcións nas que se usa o ferro:



- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.
- 8.
- 9.
- 10.


Pero non só iso. Actualmente o 95 % da produción mundial de metais corresponde ao ferro. Investiga a que se debe esta dependencia do ferro e responde a estas preguntas:

En que forma se atopa o ferro na natureza?

Cal é a composición do aceiro?



Minas a ceo aberto do Fornigueiros.



Mineral de ferro

Que funcións medicinais teñen as augas ferruxinosas dos balnearios?



15. ARQUITECTURA APLICADA ÁS NECESIDADES

Unha adaptación ao contorno

A arquitectura popular e tradicional adoita ser unha resposta intimamente ligada ás necesidades da xente dun determinado lugar. E no Courel isto apréciase en calquera curruncho. Desde as casas particulares aos grandes pazos, muíños de auga e muíños de aceite, ferrarías, sequeiros... Multitude de exemplos a cada paso do noso percorrido.

A forza da auga ao servizo da moenda... e das tradicións

Os muíños representan, dentro da economía galega tradicional, un papel fundamental. Máis a súa dimensión non remata na súa función produtiva e transformadora xa que, ao mesmo tempo, se converteu no eixo sobre o que xiraba e desenvolvía un rico tecido de relacións sociais da xénese da parroquia, algo que non ocorreu noutra construción popular. Arredor del orixinouse un rico folclore, presente na música e na danza, na literatura popular cun abondoso refraneiro, adiviñas, contos, coplas e supersticións. Os avances tecnolóxicos e a electricidade sumíronos no abandono na última metade do pasado século. Desde entón só uns poucos sobreviven moendo mentres que a maioría van caendo, aos poucos, no abandono.

O muíño do Xil

Case en cada regato do Courel no que houbera cerca terras de cultivo podemos atopar un muíño. Moitos están xa en ruínas, pero algúns aínda funcionan e outros están recuperados do seu abandono.

O muíño do Xil (concello de Bóveda), pertencente no pasado á Casa de Maceda, tivo gran importancia na economía da zona, ao longo de moitos anos, e hoxe en día moitos veciños desta zona siguen moendo nel salvándoo deste xeito dunha ruína segura. Na actualidade está restaurado e arredor del a área recreativa segue a permitir aos veciños e visitantes gozar da zona.

Os muíños podían pertencer a un grupo de veciños ou casas que o compartían ou ter un dono concreto. Neste caso, o muiñeiro cobraba unha parte da fariña que moía, a chamada maquia. Isto aínda é así no próximo muíño de Maseda, no que por cada ferrado de fariña moída (aproximadamente 11,5 quilos) aos donos do muíño correspóndelle un quilo.



Neste muíño de Trascastro (O Incio) consérvanse aínda as ferramentas para o seu uso



O muíño do Xil (Bóveda) está reconstruído



Interior do muíño de Penacoba


ACTIVIDADE: Cada elemento no seu sitio

Relaciona os números das pezas do muiño cos nomes que aparecen no seguinte texto:

Neste muiño de Soldón (Concello de Quiroga) podes ver como funcionan os muiños. O gran dos cereais bótase na moega e cae pola quenlla entre as dúas pedras. A que está encima, a moa ou capa, é a que xira, mentres que a inferior, o pé, e a que se mantén fixa.

A auga do río desvíase por unha canle desde a presa. Ao entrar no piso inferior do muiño ou inferniño, bate contra as pas do rodicio e este comeza a xirar. Este xiro é transmitido por un eixo ata a pedra de moer que se atopa no piso superior, o tremiñado. Deste xeito a moa ao rozar contra o pé esmiúza os grans de cereais e convérteos en fariña que se vai recollendo na caixa ou caixón.

Outros elementos completan o mecanismo básico son: a comporta e o pechadoiro que impiden que a auga chegue ao rodicio cando non hai que moer; o aliviadoiro para levantar máis ou menos a moa e regular así o grosor da fariña; o tarabelo que fai vibrar a quenlla, etc.



Tradicións a ritmo de muiñada

Arredor dos muiños naceron moitas lendas e tradicións galegas. Os veciños xuntábanse durante as muiñadas e aproveitaban para compartir as faladuras e contos. Dise que a partir do ritmo do tarabelo ao petar coa pedra de moer naceu o son das “muiñeiras” e con elas moitos dos cantares alusivos aos muiños e ao traballo relacionado con eles.

Aquí vos propoñemos unha destas estrofas. Preguntade aos vosos maiores e anotade outras cancións tradicionais que fagan alusión aos muiños. Hai moitísimas!

*Unha noite no muiño
Unha noite non é nada
Unha semaniña enteira
Iso si que é muiñada*



16. MUIÑOS E OLIVEIRAS PARA PRODUCIR ACEITE

Outro legado romano

Cando falamos de aceite seguro que sempre pensamos nas cálidas terras do Mediterráneo e nos extensos oliveirais que alí se cultivan. Mais aquí mesmo, nestas terras de Quiroga, tamén eramos quen de producir o noso aceite, o ouro verde dos romanos. Non é doado precisar desde cando existen oliveiras nesta zona, mais todo parece indicar que foron os romanos os introdutores do seu cultivo, aínda que en determinadas partes da península xa existisen oliveiras introducidas polos fenicios. Con eles trouxeron as sementes da zona mediterránea e aquí procederon á súa plantación. Co tempo, o cultivo chegou a ser realmente importante, e mesmo houbo necesidade de delimitar con exactitude cántas árbores lle correspondían a cada propietario. Por medio de construcións artesanais como muiños, e a partir de pequenas plantacións de oliveiras, as xentes desta comarca tiñan un abastecemento suficiente de aceite para a súa alimentación.



Quizais os romanos trouxeron as oliveiras ao Courel

Moer as olivas

No noso territorio podemos atopar varios muiños de aceite que facían este traballo. Véndoo aínda podemos comprobar como era o seu funcionamento e trasladarnos coa imaxinación a séculos pasados no que o seu labor era fundamental para a comunidade.

En Bendilló, no concello de Quiroga, temos un exemplo perfecto de cómo eran estes muiños. A súa antigüidade é difícil de precisar, aínda que a existencia destes enxeños na zona está relacionada coa presenza dos romanos a partir do século II. A súa restauración permite agora contemplar as diferentes pezas que o conforman. Arredor do muiño celébrase cada ano unha mostra de exaltación do produto, coincidindo a finais de febreiro ou principios de marzo.

Outros exemplos os atopamos no outro concello do sur, Ribas de Sil. O muiño de aceite de Peites, xunto cos de Figueiredo e Casares, forman un conxunto de elevado interese etnográfico. Todos eles tiñan un funcionamento moi semellante. O seu sistema de molturación baseábase nun tiro animal ou humano para triturar as olivas. Despois os restos esmagados pasaban a un lagar, semellante aos de facer viño, para extraerlle o aceite. E por último había que separar o aceite dos outros restos.

O aceite que se obtiña era bastante forte (0.6-0.7 grados de acidez), mais tamén moi apreciado para unguentos e para ensaladas. Os restos sólidos da moenda, a garabuña, unha vez secos, eran aproveitados para queimar nas cociñas, pois é moi bo combustible. (Na parte traseira desta ficha tes unha descrición máis detallada de todo o proceso)




Pila de moer do muiño de Peites




Lagar do muiño de Bendilló

ACTIVIDADE: Así traballaba un muíño de aceite



O muíño consiste nunha pedra horizontal circular, fixa, con canles na marxe, a *pia de moer*, e que leva no seu interior outra roda, a *moega*, que xira mediante un espigo de ferro embutido na parte superior dunha trabe de madeira. Grazas á forza motriz dun burro ou unha mula, móvese o conxunto de roda, eixo e brazo. A oliva vaíse botando coa man ou con cestas na *tolva* de madeira, que a vai deixando caer ao paso da *moega*, que a vai esmagando.

Unha vez moida a oliva, convertida xa nunha pasta, pasaba ao *lagar*, onde se depositaba entre *capachos* de esparto colocados uns sobre os outros, e prensábanse na prensa ou *mazo*. Así obtíñase o primeiro e mellor aceite.



Coa axuda de auga quente botada sobre a pasta e os *capachos* na *decantadora*, separábase o aceite dos restos máis sólidos da pasta. Aceite e auga recollíanse nuns longos caldeiros de madeira, onde o aceite, que flota sobre a auga, era fácil de separar.



O proceso final: a decantación

A decantación é un método físico que se utiliza para separar mesturas e que se basa na diferenza de densidades. Isto é o que fan as decantadoras dos muíños de aceite.



Decantadora



Como podes simular ti algo semellante no laboratorio ou na casa?

Nun tarro de cristal mestura auga, aceite e areia. Ponlle a tapa e axita. Logo espera un pouco a que os compoñentes se separen. A areia irá ao fondo, mentras que o aceite flotará sobre a auga. Para separar o aceite pon o tarro sobre una cubeta e engade auga para que o aceite vaia rebosando pola boca do tarro e o recollas na cubeta.



17. UNHA PRODUCIÓN INDUSTRIAL CON SÉCULOS DE TRADICIÓN

Vencellados ao ferro

Os habitantes e terras do Courel estiveron vencellados á riqueza de ferro destas terras (mira a ficha 14). Para aproveitar no propio lugar este mineral, naceron as ferrarias. As máis antigas consistían, basicamente, nun forno de fundición construído con pedras e cuberto de arxila, e precisaban de sitios expostos ao vento para poder avivar o lume. Na Idade Media as ferrarias trasladáronse aos vales para o aproveitamento da forza hidráulica e lograr unha produción maior. Se ben algunhas destas ferrarias eran propiedade de particulares, a maioría dependían da nobreza ou dos mosteiros. Máis de 50 ferrarias, algunhas no Bierzo, eran no pasado abastecidas desde O Courel. Esta industria foi así unha importante base da economía local durante gran parte da Idade Media. No século XVI as ferrarias vascas sufriron unha crise, o que obrigou a moitos ferreiros a emigrar a Galicia, onde dirixiron e modernizaron moitas das súas ferrarias. As ferrarias pronto transformaron a paisaxe, e en pouco tempo a leña comezou a escasear. A chegada do tren a Galicia, en 1883, foi a principal causa da liquidación das ferrarias galegas, ao permitir transportar grandes cargas de ferro ata os altos fornos de Euskadi, que xa comezaran a fundir en 1848. Algunhas ferrarias seguiron funcionando nas zonas peor comunicadas ata principios do século XX, producindo case exclusivamente apeiros de labranza.

Na actualidade dúas ferrarias atópanse recuperadas e en estado de ser visitadas: Ferraría Nova de Seoane (Folgozo de Caurel) e Penacoba (Bóveda).

Penacoba

Seguro que é máis antiga, mais o primeiro documento no que se fai referencia a esta ferraría data de 1780. Daquela era propiedade do Sr. de Maside, da familia Arias, e seguiu fundindo mineral ata o ano 1875. En 1880 foi adquirida por unha sociedade de ferreiros que xa traballaran nela. O último traballador da ferraría foi precisamente Benito Valcárcel, tataravó da actual xeración. Trala adquisición das ruínas da ferraría, e aproveitando a solidez da súa estrutura, acometeuse de cheo a construción dunha nova empresa: a fragua. A Penacoba viñan os ferreiros da zona para machucar o ferro e facer os aparellos que naquela época se necesitaban: apeiros de labranza, cravos e outros útiles domésticos. A fragua funcionou ata mediados do século XX, época na que un novo avance tecnolóxico chegou á zona: a electricidade. Con isto, os ferreiros montaron na súa propia casa os seus martelos e foles eléctricos, deixando desfasado, unha vez máis, o mazo de auga.

Ferraría do Incio

Na aldea de Ferrería do Incio existiu unha siderurxia na que se transformaba o mineral de ferro da zona, posiblemente do próximo Penedo Veneiro, no que hai vestixios de labores mineiras. Son poucas as notas históricas que nos ofrecen datos. A primeira é do ano 1.752, aínda que é posible que xa existira desde séculos anteriores. Nun informe posterior, de finais do XVIII, fálase que era propiedade de María Orozco, señora do pazo de Dompniñor, e que nela se traballaban arredor de 650 quintais de ferro ao ano. Estaba situada fronte ao que hoxe é o hotel-balneario, do outro lado do camiño a Foilebar e Santa Mariña. Na actualidade xa non quedan restos da ferraría, xa que os últimos desapareceron hai aínda poucos anos.



Ferraría do Mazo de Soldón (Quiroga)




Foles e mazo da ferraría recuperada de Penacoba



Edificio da ferraría recuperada en Ferrería Nova, Seoane (Folgozo do Caurel)

ACTIVIDADE: A forza da auga é o motor da ferraría



A auga do río desvíase por unha canle ata o *banzado*, un depósito elevado. A caída da auga move un *rodicio* vertical que, por medio dunhas *levas*, acciona os *foles*. Estes atizan o lume que reduce o mineral de ferro. A masa pastosa que se obtén pasa despois á *bigornia* para que, sobre ela, golpee o *mazo*, tamén movido pola forza da auga que cae sobre outro rodicio.

Con este proceso o ferro libérase da escoura, compáctase e colle forma. Ademais da vea (o mineral) e a auga, para o funcionamento da ferraría era necesario o combustible. O mellor combustible para a fundición do ferro era o carbón da coza (raíz da uz) aínda que a leña do castiñeiro ou do carballo tamén eran utilizadas. O consumo era moi alto: para producir un quilo de ferro necesitábanse aproximadamente tres de vea e cinco de carbón vexetal, equivalentes a 25 quilos de leña. O resultado: un produto ao que despois os ferreiros poden darlle forma.

Fixate nos debuxos do lado. Á vez que xogas buscando as 7 diferenzas entre eles, intenta poñerlle o nome a cada elemento.

As principais ferrarías do Courel

Das case 50 ferrarías que había no Courel, estas eran as máis significativas. Coa axuda dun mapa marca cada unha delas á beira do río que lle corresponda.

- ▶ Concello de Folgoso do Courel:
 - Valdomir
 - Seoane
 - Lousadela
- ▶ Concello de Bóveda:
 - Penacoba
- ▶ Concello da Pobra do Brollón:
 - Loureiro
 - Biduedo
 - Barxa do Lor
- ▶ Concello do Incio:
 - Ferrería de Incio
- ▶ Concello de Quiroga:
 - Rodela
 - Gorgueira
 - Paleiras
 - Quintá
 - Rugando
 - O Mazo de Soldón
 - Roxa Longa
- ▶ Concello de Samos:
 - Gundriz
 - Santalla
 - O Rial





18. UNHA CONSTRUCIÓN PARA CADA USO

Os fornos de cal

Algúns oficios tradicionais, e con eles as técnicas que lle eran propias, desapareceron sen deixar apenas rastro. Outros deixaron unha pegada aínda visible. Este é o caso dos vencellados á fabricación tradicional da cal. En varios lugares do Courel quedan restos de fornos de cal. A súa existencia é unha consecuencia lóxica da presenza de pequenas cantidades de rocha calcaria nesta zonas. Estes fornos utilizábanse para obter cal a partir da pedra calcaria, sometendo esta a gran temperatura con chama viva. Este tradicional proceso deu orixe á palabra *calcinar*. O cal obtido era moi utilizado para facer argamasa ou cemento, pintar ou branquear as paredes, na agricultura como corrector da acidez do solo, para branquear a roupa, para fabricar papel e vidro, ou mesmo para curtir. Este enorme e variado labor era levado a cabo polos *caleiros*.

Na Pobra do Brollón, nas proximidades de Parada de Montes existen varios destes fornos, coñecidos como "Caleiros". En Quiroga están os de Paradaseca e Cereixido, este último restaurado recentemente.



Forno de cal de Cereixido

Os sequeiros

A abundancia de soutos e a cultura da castaña fixo necesaria a construción e utilización dos sequeiros. Chámanse así as construcións tradicionais ás que se levaban as castañas para secar, despois de seren recollidas e separadas do ourizo.

A inmensa maioría dos sequeiros que se ven durante os paseos pola serra están en desuso, xa case ninguén os utiliza. No concello da Pobra do Brollón os sequeiros das Cabanas do Mazo están a ser recuperados polos seus propietarios como parte dun esforzo por manter unha tradición centenaria. Tan centenaria, polo menos, como os máis vellos castiñeiros que viven nestes soutos. E no lugar de Loureiro, na parroquia de Salcedo, estase a recuperar un souto con máis de 400 castiñeiros e rehabilitando o sequeiro que alí hai.



Sequeiro de Cabanas do Mazo



As albarizas

En moitos dos montes que abrangue o Courel pódense ver as albarizas ou albares. Son construcións circulares ou ovaladas feitas con pedras do contorno e levantadas uns dous metros, para protexer as colmeas dos ataques dos animais que eran atraídos polo mel, como os osos. O seu emplazamento estaba en función de que lles dera ben o sol (ladeiras con moita pendente e ben orientadas) e que no seu arredor houbera a vexetación que usaban as abellas, fundamentalmente as uces e queiroas.



Albariza e trobos ou colmeas


ACTIVIDADE: O funcionamento por dentro

Da pedra calcaria ao po de cal

Así funcionaba un forno de cal. Ordena os 5 debuxos na secuencia que che describimos a continuación.

1. O forno de cal é unha construción circular de muros de pedra, aberta pola súa parte superior, cunha única abertura ou boqueira na base do muro para introducir o combustible. Adoitaban facerse en terreos inclinados para aproveitar o foxo escavado e aforrar a construción de parte do muro.
2. O proceso de fabricación do cal era o seguinte: o caleiro ía colocando as pedras calcarias no interior do forno, deixando un amplo oco central para prender lume.
3. Pedra a pedra ía conformando unha bóveda, rematándoa desde o exterior do forno.
4. Para rematar a abertura superior cubríase con grandes lousas.
5. O lume ardía durante unhas 60 horas, e mantiñase con queiroas e toxos: unha única xornada consumía até 50 carros de toxo! Semellante traballo precisaba de varias persoas que se ían turnando cada 4 horas, día e noite.

Finalizada a calcinación, o forno era enfriado durante 3 días. As pedras sacábanse pola parte superior, xa totalmente brancas -calcinadas- e eran comercializadas así enteiras ou moidas e convertidas en pó.



Castañas, fume e moito esforzo

Unha vez recollidas e separadas do ourizo, as castañas levábanse aos sequeiros. Constan de dous andares. No piso superior estendíanse as castañas sobre un chan formado por "ripias" (láminas de madeira). A continuación, no andar inferior, prendíase lume. A calor e o fume ían secando, un tras outro, os montóns de castañas. Unha vez terminado este traballo, que nalgúns casos podía levar varias semanas, procedíase á "pisa". Consistía ésta en separar a muña (a casca) das castañas xa secas. Realizábase mediante golpes, para o que se metían as castañas nun saco que collían dous homes polas dúas esquinas do fondo, e erguéndoo cun forte impulso golpeábase reiteradamente contra o pisón, un talleiro con pés de madeira. As muñas eran moi apreciadas para facer o braseiro, pois arden moi ben.



Responde ás seguintes preguntas. Se é necesario preguntalle aos teus maiores.

- Como se separaban os ourizos das castañas?
- Fixate no debuxo, na forma das ripias. Por que eran así?
- Que material se usaba como combustible?



19. ARQUITECTURA ADAPTADA



Tellados da aldea de Parada de Montes

Aldeas típicas

O conxunto da arquitectura rural de Courel é un dos seus máis importantes tesouros histórico-artísticos.

As aldeas da montaña forman un tipo de asentamento agrupado no que as casas, paleiros, alpendres, cortes... están dispostos ao longo dun camiño e pegados uns aos outros. A ese camiño ábrese rúas estreitas que non chegan a medir un metro de ancho nalgúns casos. Están construídas nos terreos rochosos, xa que o terreo produtivo é escaso nestas serras con vales estreitos, de ladeiras de fortes pendentes e hai que aproveitalo.

Con tan pouco espazo, moitas das casas teñen unha parte do seu primeiro andar feito por enriba das rúas, que discorren baixo cubertos que, nalgúns ocasións, semellan auténticos túneles. Estes espazos cubertos polo primeiro andar, xunto cos beirados dos tellados que cobren a metade da rúa por cadanseu lado, conseguen que todo o chan da aldea estea protexido da invernía, e se poida traballar e andar dun lado para outro dela sen se mollar. Ao tempo, tamén permiten ter a cuberto a leña, carros, arados e ferramentas que non se poden gardar dentro da casa ou no alpendre.

Coas ladeiras orientadas ao mediodía pretenden protexerse das fortes nevadas, dos ventos do norte e poñente e acadar que nas vivendas entrase unha maior cantidade de sol (máis calor e maior iluminación). Co mesmo obxectivo, as fiestras das casas ábrese ao sur.



Aldea de Froxán

Un exemplo: Parada de Montes

Parada de Montes, no concello da Pobra do Brollón, está construída sobre unha ladeira de lousa moi inclinada e orientada ao mediodía. Os beirados dos tellados das casas e a ocupación do espazo elevado das rúas, por parte do primeiro andar das vivendas, fan que toda a aldea semelle ser unha soa casa se se mira desde arriba.



Rúa de Parada de Montes

As casas están construídas con lousas cementadas con barro, e aséntanse sobre alicerces escavados na rocha. Nesta tamén están tallados os baixos das casas, as rúas, as fontes, as eiras. A pendente da ladeira fai que as dependencias das vivendas estean repartidas ata en tres niveis distintos. O habitual é que no inferior, escavado na rocha, esté a corte e o poleiro. No primeiro andar, enriba do anterior, a cociña e os cuartos.

Os corredores, feitos de madeira, saen do primeiro andar voando moito sobre as rúas. Orientados ao mediodía, algúns deles están pechados con táboas. Serven para colgar roupa, secar a colleita, enredar os nenos, obradoiro para arranxar pequenas ferramentas... así como para tornar o frío das fiestras nos días de mal tempo e ser unha protección contra a chuvia e o vento. As decoracións dos pasamáns son frecuentemente verdadeiras xoias de artesanía.

As rúas, escavadas na rocha, están empedradas de pequenas lousas para evitar que o gando e a xente esvaren.

Froxán

Froxán (Folgozo do Caurel) é unha típica aldea courelá completamente restaurada. Din as xentes do lugar que estaría asentada nun antigo cemiterio celta. Os datos arqueolóxicos das tumbas sitúanas no século V d.C. As vivendas conservan na súa maioría o mesmo tipo de construción que se utilizou durante séculos nesta comarca: redondeadas esquinas dos seus muros, amplas galerías, pasadizos aéreos feitos de traves de madeira

de castiñeiro, balcóns con barrotes de madeira, tellados con máis de 60 cm de voo... Aquí recuperouse a Festa da Pisa. Antigamente, e no inverno, as rúas desta vila, enlamadas, cubríanse con toxos que logo eran pisados co calzado que imperaba naqueles tempos, os galochos.

ACTIVIDADE: Os materiais de construción, o que o medio proporciona

Os materiais que se usan para as construcións tradicionais son os que se poden obter no contorno máis inmediato. De feito a maior parte das veces son os donos de cada casa os que participan directamente na edificación, xa sexan vivendas, muíños, etc.

Aquí tes unha serie de elementos de construción e ferramentas e unha serie de materiais propios da zona. Relaciónaos entre eles como en “cada ovella coa súa parella”.



Tellados	Madeira de ameneiro
Cemento	Barro
Trabes	Madeira de bidueiro
Paredes	Madeira de faia
Ferramentas	Ferro
Pontes de madeira	Madeira de castiñeiro
Galochos (zocas)	Xisto e cuarcita
Carbón	Lousa

A lousa, un material de primeira man

A lousa ou “pizarra” é un material moi común no Courel. De feito, é un dos materiais xeolóxicos máis frecuentes en toda a Serra existindo na actualidade explotacións industriais, pero habendo sobre todo multitude de canteiras das que se extraía lousa de xeito artesanal.



Rúas da aldea recuperada de Seceda

Cales son as ventaxas que ten a lousa sobre outros materiais? Descúbreas ti mesmo, aquí che deixamos varias pistas:

Cando a neve cae sobre os tellados...

O fume das lareiras...

A forma de traballar as lousas...

Que significa colocar as lousas en “chapacuña” no chan?

20. EDIFICIOS CON IDENTIDADE PROPIA



Ruínas de outros tempos

O Courel non é terra de castelos. Aínda así quedan algunhas mostras do que foron enclaves estratéxicos noutros tempos, fortalezas como a de Carbedo en Esperante (concello de Folgodo do Courel). A súa posible función era a defensa e vixianza do paso entre Lugo e León. Este castelo aparece citado en escritos de 1550, nos que se fai referencia a que pertenceu a Don Nuno Peláez, quen o donou á Orde de Santiago que exerceu un amplo dominio no Courel. Posiblemente foi refuxio do Rei Alfonso II O Casto, rei de Asturias do século IX. Aínda se conservan

varios muros, parte dun torreón circular de lousa e restos da planta.



Castelo de Carbedo

No concello de Quiroga está o Castelo de Torrenovaes. Pertenceu á Orde dos Hospitalarios de San Xoán de Xerusalén, formada por cabaleiros, militares e relixiosos á vez que estenderon o seu dominio nestas terras entre os séculos XIII e XIX. O seu emprazamento é privilexiado: posición estratéxica nun impresionante cantil sobre o leito do río Sil e lugar de paso obrigado polo Camiño Real que, a través dunha pequena ponte de posible orixe medieval, leva ata San Salvador do Hospital. O imponente edificio consta de dous corpos independentes e ben diferenciados. A Torre, do século X, é de planta cadrada e con muros de case 4 metros de espesor, o que denota o seu claro carácter defensivo. O Palacio, de planta trapezoidal, remóntase ao século XIII, e foi realizado polos Cabaleiros de San Xoán de Malta. O máis destacado é a porta de entrada, formada por un arco e unha bóveda de medio punto, sobre a que aínda pode verse unha pedra gravada coa Cruz de Malta. Amais da entrada, adornan este corpo tres ocos de fiestras desiguais. Todos os elementos, ao igual que os do segundo corpo, están realizados en sillería de lousa cuidadosamente traballada.



Castelo de Torrenovaes e Cruz de Malta sobre o arco de entrada



Pazo de Batanero



Casa de Tor

Casas nobres con apelido de seu

Na arquitectura civil do Courel destacan os pazos ou casas grandes que pertenceron (ou pertencen) a familias importantes que mantiñan posesións nestas terras. Todos os concellos teñen importantes mostras destes edificios de diferentes épocas. Vexamos algúns dos máis destacados.

En Quiroga está a Casa Torre ou de Tor pazo cunha orixe máis que probable no século XVI. O que vemos hoxe é un edificio do século XVIII, de tres andares. Conserva dous escudos con emblemas. A Casa de Carballedo foi construída a mediados do século XIX con muros de cachotaría, tellado de lousa e corredor con escaleiras de granito. Atópase moi ben conservada e pouco alterada con respecto á orixinal. O Pazo da Encomenda foi reconstruído no 1.843 pola familia Flórez de Losada e hoxe é propiedade da familia Taboada Varela.

En Samos destaca o pazo ou Casa Forte de Lusio, fundado por Lope Vázquez de Vilamexe, no ano 1551. A súa edificación componse dun forte murallón e desde el dominase unha espectacular paisaxe sobre o río Oribio e inclúe unha capela dedicada a San Brais.

No Incio o Pazo de Dompniñor é o máximo expoñente da arquitectura civil do Incio. A súa construción é do ano 1.650, ordenada por Rodrigo Orozco e Losada, sobre unha edificación anterior, de finais do século XV. Posteriormente sufriu numerosas reformas, a máis importante delas levada a cabo a finais do século XVIII. Como resultado quedou a forma de "L", e destacan sobre os muros os blasóns coas pedras das familias dos Ribadeneira, Somoza, Lousada, Orozco e Quiroga, algúns procedentes doutros lugares.

Completan este resumo de casas nobres o Pazo de Batanero de Ribas do Sil, o Pazo de Romariz no Incio e unha completa mostra no concello de Bóveda (mira a outra cara desta ficha).

ACTIVIDADE: Heráldica

Case todos os pazos e casas señoriais conservan os escudos de armas da familia á que pertencen. Cada escudo ten os seus propios emblemas. Propoñémosche descubrir algúns deles grazas ás mostras que podes atopar no Concello de Bóveda.

A continuación describimos algúns escudos que terás que relacionar coas súas fotos. Ademais podes situalos sobre o mapa de Bóveda.



- Casa Priorato (en Freituxe): campo ovalado con espada e palma, capelo con seis borlas a cada lado, rematadas en tres

- Casa do Coronel (en Ribas Pequenas): capacete cortado e emblemas dos Somoza (brazo armado con bastón de mando, ondas, tres flores de lis e seis dados punteados)

- Casa do Pacio (en Martín): cuartelado (dividido), brazo con maza, león rampante, tres lises e seis dados punteados

- Pazo de Guntín (en Guntín): escudo sinxelo de barras e peixes

- Casa de Meruz (en Tuimil): cuartelada en cruz con cinco estacas, tres bandas, o can atado á árbore e a lousa cos lagartos, alén dun motivo historiado na metade baixa que representa a loita dun cabaleiro cun león

- Pazo da Ribeira (en Teilán): escudo ovalado con cruz de veiras, león rampante, un can atado á árbore, un burro e unha ave que pica unha man, inscrición na parte superior

- Casa Torre de Gruñado: cuartelada, con dados, brazo con maza, tres aves e flor de lis, castelo de tres homenaxes e árbore con lanza

- Casa Torre de Eimer (Rubián, San Fiz): cuartelado, con brazo armado, seis dados e tres lises, cinco estacas, seis bezantes, castelo con can e lousa con lagartos

- Pazo dos Marqueses de Bóveda (Bóveda). Este pazo ten tres escudos diferentes. Un deles pertence ao apelido Diaz de Cadórniaga: medio partido e cortado, con dous lobos pasantes, un castelo torreado e unha nave sobre ondas de mar, alén da lenda: *E de sv abvela ivana / diaz de cadverna.*





21. ARQUITECTURA AO SERVIZO DA RELIXIÓN



O mosteiro de Samos



Claustro do Padre Feijoo



Capela do Ciprés

O Mosteiro de Samos ao longo dos séculos

Unha parte importante da historia do Courel e o seu contorno está ligada ao mosteiro de Samos. A primeira noticia que temos deste mosteiro é unha lápida pola que sabemos que, a mediados do século VII, é restaurado polo bispo Ermefredo de Lugo. Durante moitos séculos chamouse Mosteiro de Sámanos, nome de ascendencia visigótica. O paso do tempo trouxo unha crecente importancia dos mosteiros. Durante séculos os abades exerceron tanto a xurisdición civil como a eclesiástica. No século VIII o rei asturiano Fruela I ofreceulle o mosteiro, abandonado por mor da invasión musulmana, ao abade Arxerico. A mediados do século XI probablemente se adoptou a regra de san Bieito.

Xa no século XVII, e sobre todo no seguinte, a comunidade samonense despreza unha impresionante actividade cultural e relixiosa. A maioría dos seus abades posuiron graos académicos, e mesmo algúns rexentaron cátedras de filosofía e teoloxía nalgúns colexios beneditinos. Destes claustros saíron entón tres bispos e tres catedráticos da Universidade de Salamanca. Porén, o máis destacado de todos eles é, sen dúbida, o Padre Benito Jerónimo Feijoo, paradigma do saber enciclopédico daquela época, e particularmente empeñado en elevar o nivel cultural da España do seu tempo.

Desde 1835 a 1880 a Lei da Desamortización obriga aos monxes a abandonar o mosteiro. Só fican aquí o párroco, o sancristán e o boticario. Son tempos escuros. A maior parte da extraordinaria biblioteca é trasladada a Lugo, pasando así a formar parte da Biblioteca Pública. Ao longo do século XX, ao mesmo tempo que se crea unha nova biblioteca, enriquecese o patrimonio do mosteiro con pinturas, frescos e esculturas.

É albergue de peregrinos desde que se descubriu a tumba do Apóstolo en Compostela no século IX. A presenza do Camiño de Santiago, que cruza estas terras, converte a Samos nun lugar de paso ou pernocta obrigada para milleiros de peregrinos.

Unha xoia arquitectónica

No edificio aparece a pegada de tres estilos arquitectónicos: o gótico tardío, o renacentista e o barroco. A fachada é de estilo barroco, e aparece dividida en dous corpos: o da igrexa e o do mosteiro. O templo monacal é un maxestoso edificio do século XVIII, obra do monxe samonense Juan Vázquez. Consta de tres naves, sendo a central a de maior altura e anchura. Mención especial deben recibir todos os retablos e esculturas do templo, entre os que destacan as obras de Francisco Moure e José Ferreiro.

Dentro do mosteiro destacan dous claustros, de desigual dimensión, unidos e flanqueados por torreóns. O máis antigo, chamado das Nereidas pola fonte que alí se empraza, é de estilo gótico. Tardouse en construír 20 anos, entre 1562 e 1582. O claustro máis grande, o do Padre Feijoo, é de finais do século XVII. Ademais son interesantes o acueduto que abastecía de auga, a horta da botica, o pombal que era a antiga cociña...

Preto do mosteiro atopamos a Capela do Ciprés, do século IX. Esta sinxela construción garda no seu interior pinturas ao fresco de influencia ástur, mentres que a porta de acceso é de estilo mozárabe.

ACTIVIDADE: Conxunto de San Salvador do Hospital

En San Salvador do Hospital (concello de Quiroga) existiu desde o ano 1.275 un centro de acollida de peregrinos (os denominados "hospitais") do chamado *camiño de inverno*, outra das entradas a Galicia cara a Santiago de Compostela. Deste albergue, rexentado polos Cabaleiros da Orde Hospitalaria e Militar de San Xoán de Xerusalén non se conserva ningún resto. Esta orde tamén dispoñía da Casa da Encomenda, un conxunto de edificios hoxe desaparecidos. Na actualidade, no solar orixinal, está o Pazo da Encomenda, reconstruído no 1.843.

O edificio máis importante deste lugar é a Igrexa Parroquial de San Salvador do Hospital, unha construción de amplas proporcións con planta rectangular. Está composta de tres naves comunicadas con arcos de medio punto. A igrexa dispón dunha ábsida rectangular de estilo románico. No pavimento hai varias sepulturas de cabaleiros. Esta ábsida recibe o nome de Capela de San Xoán, dos Enterramentos ou da Comuñón. No testeiro da ábsida dos enterramentos consérvase un altar, denominado Altar dos Neófitos, que se empregou como mesa por parte do tribunal que tiña que admitir os aspirantes á Orde de San Xoán.



Planta da igrexa parroquial de San Salvador de Hospital



Altar de San Xoán.

No testeiro da ábsida dos enterramentos consérvase un altar, denominado Altar dos Neófitos, que se empregou como mesa por parte do tribunal que tiña que admitir os aspirantes á Orde de San Xoán.

Completan o conxunto dúas casas nobres: A Casa da Torre, ou Casa de Tor, e a Casa de Carballedo.

Outras mostras de gran valor



Sepulcro de San Eufrasio

No concello do Incio podemos atopar estas dúas mostras de elevado interese dentro da arquitectura relixiosa:

San Eufrasio. Segundo a tradición, Santo Eufrasio foi un dos discípulos do apóstolo Santiago para evanxelizarse España. Estableceu a súa sede en Ilturgi (Andújar), da que foi o primeiro bispo. Sufriu martirio nos primeiros anos da era cristiá. Durante a invasión árabe da península os monxes trasladaron os seus restos e depositáronos no val do Mao a principios do século VIII. O sepulcro, no centro da nave da igrexa parroquial de Santa María de Mao, está cuberto por dúas grandes pedras superpostas. A superior, primitiva, conserva unha inscrición borrosa referente á devolución das reliquias de Santo Eufrasio a Andújar no ano 1.596.

San Fiz de Hospital. Segundo os estudos arqueolóxicos, este conxunto arquitectónico parece estar construído por riba doutro moi anterior. Proba diso foi a aparición da chamada Crucifixión, un baixorrelevo paleocristián do século VI, exemplar único en todo o mundo cristián antigo. Consérvase a igrexa románica de finais do XII, unha sepultura oxival con estatua xacente do comendador Frei Alvaro de Quiroga (segundo conta a lenda, o día que alguén levante a súa tapa de mármore caerá a igrexa) e varias lápidas sepulcrais. Á beira da igrexa queda en pé a torre señorial como resto da anterior fortaleza, rematada en campanario. A actual sancristía e o cemiterio estiveron ocupados pola hospedaría e o hospital de peregrinos, desaparecidos na actualidade.



Interior de San Fiz de Hospital

Investiga...

Nesta ficha aparecen moitos datos. Intenta atopar máis información sobre:

- ▶ O rei Fruela I
- ▶ O Padre Feijoo
- ▶ O Camiño de Inverno a Santiago
- ▶ Onde se atopa Andújar?

